



ENTREVISTA CON JOAQUIM PAVÃO SOBRE *SONHOS*

Joaquim Pavão é músico, compositor e director de cinema natural de Porto. A súa última curta, *Antes que a noite venha-Falas de Antígona*, acadou catro distincións no Red Carper Film Awards de Nova Iorque, premio á mellor estrea mundial no 21 Festival Internacional de Cinema AVANCA e premios á mellor curtametraxe e dirección no Falcon International Film Festival London, entre outros.

Sonhos foi estreado dentro da VI edición de Dos Modos Nascem Coisas en Albergaría a Velha, e é o primeiro obxecto artístico dunha triloxía que se enmarca dentro do *Proyecto Sculp Sonhos*. Obedece ao tempo da instalación e desenvólvese a partir dun universo distópico no que se loita pola supervivencia do ser humano. O fin pretende resolver todos os problemas da humanidade desde a invención dun mundo pos-capitalista para chamar a atención sobre a importancia da liberdade e a necesidade do eu.

Sonhos integra sete soños.

Todo aquilo que nos compón quere sobrevivir e este instinto lévanos a atopar formas de facer. No filme, os que teñen todo resolto pero non conseguen atopar un camiño do eu, comezan a ter soños totalmente diferentes do que é a realidade. Os soños son lecturas de experiencias que non encaixamos. É un proceso químico complexo que abre portas para entender mellor a nosa necesidade de ver a vida dunha forma abstracta. Nós somos a única especie que consegue vivir nunha realidade que non é real. Nós construímos as cousas. O soño é a primeira porta de entrada cara ao interior e é unha forma de vivir unha realidade. A película divídese en sete soños, que son as sete palabras que nos definen como seres vivos. Nacer, comer, construír, brincar, contemplar, procrear, morrer, son funcións que nos permiten ver que estamos vivos. Os animais tamén teñen estas funcións, mais non conseguen a abstracción. Esta é a nosa gran innovación biolóxica.

Tamén está inspirada en sete esculturas.

Este filme parte dun convite do Museu Internacional de Escultura de Santo Tirso (MIEC), un espazo público que conta cunha colección dunhas 40 pezas espalladas polos xardíns do edificio. Eu tiven unha especie de carta branca dentro duns parámetros orzamentarios. Tiñamos a posibilidade de contar con certas esculturas moi interesantes para poder atopar unha realidade e quedar indefinidas. Neste caso había dúas hipóteses, ou eu falaba con cada escultor e intentaba percibir a historia, o por que, ou facer eu de público, visitar as esculturas e tocar a materia para entrar na realidade que estabamos a deseñar. Elixín esta segunda.

Como foi o proceso de creación?

Eu gosto de ir pasando as capas da cebola. Conto cun equipo. En cada área temos unha especie de núcleo duro. Tendo o concepto, os creadores teñen total liberdade. O cinema é un repositorio dun conxunto de artes. Se non fora isto, o cinema non nos serviría. A diferenza do teatro ou a música que se fan naquel tempo, o cinema é máis fácil porque nós podemos repetir e queda rexistrado.

Que claves interpretativas dás ás actrices e actores para que recollan todo o que ti propós?

Neste caso eu tiven un problema por falta de orzamento. Como tiña actores e actrices que non confiaban en min porque non tiñamos os ensaios necesarios para habitar a realidade que eu quería, a única forma que eu tiña de facer era volver a realidade deles completamente diferente. Filmabamos de nove da noite ata as seis da mañá. Durante dez días só había un equipo que vivía noutra realidade. A comida do restaurante era case sempre igual. Os cuartos nos que habitabamos tiñámolos que dividir en dous. Houbo un conxunto de escollas para que as persoas estivesen de tal modo cansas, illadas de si, que de repente se entregaban a esta realidade. Chegaba un momento que os actores e as actrices xa non eran persoas senón personaxes.

O elenco coñecía as esculturas e deseños?

Por exemplo, viamos os deseños de Gil Moreira. Como xa fixéramos algúns ensaios en sala decidimos saír ao espazo das esculturas para experimentar. Ás veces ensaio un movemento ou un texto, mais non é para filmar ese momento, é para filmar o momento no que están cansos dese movemento ou texto. O elenco non sabía cando estaba a traballar ou a descansar. Eu preciso do momento despois. Montabamos toda a escena e cando estaban relaxados, aí estaban dispoñíbeis. Cando nós temos dificultades utilizamos as nosas ferramentas e o público o nota. Só o imposible vale a pena.

A anterior curta, *Antes que a noite venha-Falas de Antígona*, tiña unha textura de terra e moita escuridade. Segues esa liña nesta longametraxe?

Neste filme divídense. Os soños son escuros mais o sistema pos-capitalista é moi claro. Por outra banda, eu gosto da sucidade no corpo, a textura das engurras, sentir as faces do rostro, do ollar, de volver ao animal, e o corpo ten que ser corpo. Se fora limpo, unha cousa moi plástica, non serve, xa se fixo moito.

Cal é o teu soño?

Eu son moi feliz e afortunado coa miña vida. Eu teño unha vida comfortable que ninguén tiña no pasado. Hai cen anos ninguén tiña a relación que teño eu cos meus fillos, nin a casa que teño, nin o sofá. Ninguén tiña o tempo que eu teño. Eu son dono do meu tempo. Eu soño con persoas que son donas do seu tempo, que miren uns para outros de igual a igual e que falen. E que dentro desta igualdade estea a diferenza. Iso é un paradoxo. Este é o meu soño, a liberdade sempre.

Que contacto que tes co teatro e a través da música?

Durante moito tempo fixen preparación con actores que interpretaban as miñas composicións. Realicei varios encargos para distintas compañías con xéneros diferentes. Nalgúns tocado en vivo, noutros compoñendo. Durante oito anos só fixen iso, independentemente dos concertos. Despois comecei co cinema e deixei un bocadiño a música para o teatro.

21 de Setembro de 2020

Fonte | <https://erreguete.gal/2020/09/21/vi-festival-de-fazedores-de-artes-dos-modos-nasce-mo-coisas/>

A *erreguete / Revista Galega de Teatro* existe dende 1983 e, na actualidade, é a única publicación periódica que ten como obxecto o teatro galego. A revista está editada por unha Asociación Cultural sen Ánimo de Lucro, Entre Bambalinas.

A liña editorial da *erreguete / Revista Galega de Teatro* sempre estivo marcada pola independencia, a honestidade e o rigor informativo e o seu obxecto preferente é o teatro galego, aínda que sen prescindir dunha insaciable curiosidade por calquera aspecto de interese relacionado co teatro en xeral. A *erreguete / Revista Galega de Teatro* conxuga información, creación, divulgación e estudo. Así, publica críticas, reportaxes, crónica de festivais, recensións de libros, ensaios sobre un determinado aspecto relacionado coa arte dramática...



A *Revista Galega de Teatro* ten unha “prehistoria” que hai que buscar no *Boletín de Información Teatral da Escola Dramática Galega* cuxo número 0 aparece en Vigo no ano 1983. A creación deste Boletín foi unha iniciativa, entre outras, que levou adiante a sección de Vigo da Escola Dramática Galega (E.D.G) con sede na Coruña. Cando se decide clausurar a sección de Vigo da EDG, o Boletín pasará a denominarse *Boletín de Información Teatral*, para mudar pouco despois en *Información Teatral*, máis tarde *Información Teatral-Revista Galega de Teatro* e definitivamente, desde o número 11, en *Revista Galega de Teatro*.

Unha metamorfose guiada sempre polo obxectivo de “dar un paso máis no camiño da normalización teatral en Galicia” como xa podemos ler no número 0 daquelas “hojas

volanderas” como alguén as chamou no *Faro de Vigo* cando apareceu. Normalización que consistía e consiste aínda en informar sobre a actividade teatral do país e do resto do mundo.

Hai polo tanto unha continuidade na liña programática entre aquel primeiro Boletín de oito páxinas aparecido no “século pasado” e os últimos números aparecidos con máis de cen páxinas.

Na actualidade a *erregueté / Revista Galega de Teatro* é editada por unha Asociación Cultural sen ánimo de lucro. Polo seu Consello de Redacción pasaron persoas relacionadas cos máis diversos ámbitos do mundo do teatro, desde a investigación á pedagogía, desde a escrita á xestión ou a práctica actoral. Ao longo destes 30 anos formaron parte deste Consello de Redacción: Antón Lamapereira, Che Mariño, Xosé M. Pazos, Pedro Pablo Riobó, Casilda García Alfaro, Gonzalo Rodríguez, Conchi Costas, Iria Méndez, Manuel Vieites, Lourdes Vega, Cristina Cameselle, Ricardo Solveira, M^a. Xosé Vilas e Inma López Silva.

Polo demais, a existencia desta publicación está en débeda permanente coa colaboración desinteresada e solidaria de moitísimas persoas que achegan artigos, textos dramáticos, fotografías, deseños e ideas.

Directora: Vanesa Sotelo

Subdirector: Manuel Xestoso

Consello de Redacción: Afonso Becerra de Becerreá, Roberto Pascual, Roi Vidal Ponte, Esther Carrodegas, Gena Baamonde, Fran Peleteiro e Xoán Carlos Riobó.

Consello Editorial: Antón Lamapereira, Xosé Manuel Pazos Varela, Che Mariño, Pedro Pablo Riobó, Gonzalo Rodríguez Calvo, Casilda Alfaro.

